

Xogo da Oca de abeancos.gal. Un xeito lúdico de coñecer o patrimonio cultural da Terra de Melide



Cristina Vázquez Neira

Xurxo Broz Rodríguez

Arqueóloga/o do Museo da Terra de Melide

cristivazneira@hotmail.com

<https://www.abeancos.gal/>

REVISTAGALEGA
DE
DEBUTACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 76-77

Neste artigo preténdese exemplificar como mediante unha proposta de lecer se pode descubrir o patrimonio máis próximo dunha maneira amena e sinxela. O xogo trócase nun recurso ou ferramenta apropiada para amosar a pluralidade do patrimonio da Terra de Melide de xeito visual e amable.

Dende estas liñas procúrase dar a entender como existe un gran número de variables ou medios para publicitar e enfatizar o patrimonio que nos é máis achegado en termos de proximidade. Mais unha delas, e quizais das máis arriscadas, é facelo pensando nos máis novos evitando que se troque en algo farragoso e dificilmente asimilable. Dese xeito o xogo, dentro das súas diversas variables, axuda a conseguir o obxectivo principal, que non é outro que o de encher as retinas de imaxes, conceptos, sensacións e, sobre todo, de absorción de coñecemento.

Pero como case todo na vida, esta oferta de lecer conta cuns fundamentos ou alicerces nos que se asenta e xermola o proxecto. Por iso faise preciso retrotraerse aos intres nos que nace abeancos.gal coa finalidade de chegar a ser unha enciclopedia virtual que, a xeito de catálogo, se vai enchendo de contido conforme se van volcando elementos, que non son outra cousa que parte integrante dun todo, que é o conxunto do patrimonio material dunha comarca.

Así, botando a vista a cinco anos atrás, é dicir, ao ano 2016, chegamos á data na que se comeza a esbozar un plan de dixitalización e divulgación de todo o patrimonio da Terra de Melide, fundamentalmente do material. Neste caso, todo é froito dunha proposta de participación que lle brinda a Asociación Melisa (Asociación de usuarios/a de software libre da Terra de Melide) ao Museo da Terra de Melide, co obxectivo de desenvolver nesta comarca un proxecto similar a outro previamente levado a cabo no Concello de Mugardos que, baixo o título "A cultura da auga", recolle dixitalmente os diferentes recursos hídricos existentes nese termo municipal, fundamentalmente no tocante a fontes e lavadoiros.


Mais no caso de abeancos.gal procurouse, se se permite a expresión, ser máis

“ambiciosos” e recoller a totalidade dos bens patrimoniais desta comarca natural nas súas diferentes variables, que van dende a arqueoloxía ata as arquitecturas de vangarda, facendo un recompilatorio do patrimonio eclesiástico, civil, etnográfico, fabril, entre outros. Así, dese xeito comeza a andar abeancos.gal, que paseniñamente vai incorporando contidos, ano tras ano, para poder ir dándolle corpo a un catálogo en Rede de acceso libre e aberto a quen desexa aproveitar os seus contidos.

Agora, coa perspectiva adquirida despois destes primeiros cinco anos, conclúese que para poder dar por pechado o catálogo aínda son precisos moitos máis anos de traballo debido á magnitude do proxecto, un proxecto que por moito que se complete sempre deixará moitos elementos a integrar. Dese xeito, como é un proxecto a medio-longo prazo, resulta necesario conseguir que se visibilice desde distintas variables. Ao tempo, faise preciso ir nutrido de contidos a páxina.

É así como xermola o *Xogo da Oca de abeancos.gal*. Nel, as ocas trócanse por cruceiros, as pontes actúan como tal, determinanse elementos concretos como pousada, pozo, cárcere ou morte, recorrendo a elementos puntuais que reflicten esas funcionalidades. Así, por exemplo, unha caveira dun cruceiro escenifica a morte, un pazo serve de lugar de descanso, ou o corredor dunha anta megalítica convida a entrar na liña de meta.

Este xogo non é máis que unha primeira tentativa de facer que un catálogo dixital sirva de base de diferentes fórmulas de optimización/valorización dos recursos pa-



trimoniais inmediatos, neste caso pretendendo que mediante o xogo se comprenda que ese “inmediato” conta cunha especial significación, que en moitas ocasións pode pasar desapercibida a pesar de telo tan ao noso alcance. Así, por medio dunha fórmula de lecer, os cativos e os non tan cativos ou tan cativas, poderán iniciar unha partida dun xogo tan popular como a oca, ao tempo que a algunha das persoas participantes se lle veñan á cabeza diversas sensacións: *ai, mira onde é!*; *non reparara nunca!*; *hei de ir velo*

cando poida; non sabía diso; a ver se levo os nenos velo; ou mesmo a tal hórreo o certo é que non lle viña nada mal un amaño. E, sobre todo concluír que mira ti por onde!, nunca me fixara e mira que teño pasado por aí ben veces!

Así se procura un achegamento ao patrimonio comarcal dun xeito entretido baseado nun modelo de xogo tradicional.

O xogo da oca pode descargarse de xeito libre e gratuíto na ligazón <https://www.melisa.gal> ■



O proxecto

abeancos.gal é un catálogo dixital aberto de elementos patrimoniais presentes na área da Comarca Terra de Melide. Todos eles, documentados, clasificados e xeolocalizados con mapas libres.

Conhece o proxecto >

Catálogo aberto

Ao tratarse dun catálogo dixital aberto, o acceso aos datos non está restrinxido unicamente á súa visualización neste sitio web. O acceso aos datos en distintos formatos é libre, e gratuíto.

Máis información >

Software libre

abeancos.gal é un proxecto libre. A súa base tecnolóxica, e os seus compoñentes: mapas, imaxes, documentos, sector de contidos, están publicados baixo licenzas libres.

Saber máis >